

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/7/2024	GOB18I04Y
5M6U235F6S2U2158007N	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEDOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D<sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintedous de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CADUCIDADE PARA A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN LPO-1/2021.-

(...)

PRIMEIRO.- **Incoar o expediente de caducidade** da solicitude presentada o día 04.01.2021 por Francisco Javier Piñón Carro en representación de Carlos José Dopico Basoa, para licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar no Camiño do Alabrado – lugar Igrexa – San Xiao (referencia catastral 7502722NJ6270S0001RW), para posteriormente levar a cabo o arquivo do expediente polos motivos citados na parte expositiva (Exp. LPO-1/2021).

SEGUNDO.- Darlle ao interesado un prazo de **DEZ días** para que formule as alegacións que considere pertinentes.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, CORRESPONDENTE AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025 PARA A ACTUACIÓN "REFORZO DE RODADURA EN CAMIÑO DO PAZO (SEDES) E CAMIÑO DE PORTELA (PEDROSO)".-**

Vista a proposta formulada que di así: En relación ao expediente denominado “Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, correspondente ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025”, o xefe do Servizo de Contratación, en data 20 de febreiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

*“Expediente CON/17/2024: Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, correspondente ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025*

*Asunto: Proposta de participación no Plan*

*En relación ao expediente de referencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), publicada no DOG do xoves, 25 de xaneiro de 2024, emítase o seguinte*

#### **INFORME - PROPOSTA**

*Sinalan os antecedentes da resolución referida que as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio, e por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións agrarias, nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado. E como toda infraestrutura, precisan dun mantemento e acondicionamento para que poidan seguir cumprindo coas súas funcións.*

*As axudas, de acordo do art. 1 da resolución, consistirán en subvencións directas de capital. O procedemento tramitarase en réxime de concesión directa, ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 36.1.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei e atendendo aos límites máximos de axuda que poden corresponder a cada concello en función dos criterios socioeconómicos que se determinan no anexo II.*

*No dito anexo do documento recóllese a asignación máxima a este Concello, que ascende a 51.923,00 €, distribuídos nas anualidades 2024 (25.296,00 €) e 2025 (26.627,00 €).*

*Dentro deste Plan, é intención deste Concello incluír a actuación denominada “Reforzo de rodadura en Camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”. A obra ten por obxecto proceder á repavimentación (reposición da rodadura) de dous camiños da zona rural que dan servizo a numerosas parcelas agrícolas de Sedes (Camiño do Pazo) de 698 m. e de Pedroso (Camiño da Portela) de 485 m. de lonxitude.*

*Ambos camiños, procedentes no seu día das concentracións parcelarias (San Esteban de Sedes e San Salvador de Pedroso, respectivamente), foron pavimentados hai vinte anos con tripla rega, polo que transcorrido este tempo e debido ao intenso tráfico tanto de vehículos agrícolas como de servizo entre núcleos, é necesaria a súa renovación integral que o afiance ao longo do tempo.*

*Á vista do proxecto de obras, entende este Concello que a actuación ten encaixe dentro do art. 4 da resolución (Actuacións subvencionables) camiños que forman parte da rede viaria municipal con actuación de mellora e*



*mantemento e concretamente, no apartado b) Melloras: reforzo de firme existente, coa incorporación de novas capa mais axeitadas e seguranza e apartado c) Mantemento, firmes e marxes.*

*O Presuposto de Execución por Contrata das obras, de acordo co proxecto de execución elaborado polo Arquitecto Técnico D. J. Manuel Saavedra Pantín, a solicitude deste Concello, ascende a 74.705,11 €. Por outra banda, o Concello deberá contratar o servizo de control de calidade, que constituirá un gasto elixible, estimándose ao efecto un orzamento de 794,89 €, correspondente aproximadamente ao 1% do orzamento da obra. Deste xeito, o importe total da actuación ascende aos 75.500,00 €.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*- Resolución, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.*

*- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2023, prorrogados. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que “As solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se someta á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia”*

*A tal efecto, este funcionario subscribiu o plan de financiamento provisional, que se acompaña a este informe-proposta.*

*Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe, previo informe da Intervención Xeral deste Concello, eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local, a seguinte*

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** *Participar no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, segundo a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 19 de decembro de 2023.*

**SEGUNDO:** *Solicitar a inclusión en dito Plan da obra: “Reforzo de rodadura en Camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”, cun orzamento de 74.705,11 euros, xunto coa contía correspondente ao servizo de control de calidade da obra, cun orzamento de 794,89 euros, o que fai un total para esta actuación de 75.500,00 euros.*

**TERCEIRO:** *Solicitar, ao abeiro do Anexo II de dito Plan, a solicitude de subvención de 51.923,00 euros á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.*

**CUARTO:** *Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:*

<i>Proxecto</i>	<i>Reforzo de rodadura en Camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)</i>
<i>Importe total</i>	<i>75.500,00 €</i>
<i>Recursos externos (2024)</i>	<i>25.296,00 €</i>

Fondos propios (2024)	1532.61900	50.204,00 €
-----------------------	------------	-------------

**QUINTO:** Facultar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en relación con este procedemento.”

Visto este informe, e logo da toma de razón pola Intervención Xeral, en data 20 de febreiro de 2024, esta Alcaldía-Presidentencia propón, á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO:** Participar no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, segundo a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 19 de decembro de 2023.

**SEGUNDO:** Solicitar a inclusión en dito Plan da obra: “Reforzo de rodadura en Camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”, cun orzamento de 74.705,11 euros, xunto coa contía correspondente ao servizo de control de calidade da obra, cun orzamento de 794.89 euros, o que fai un total para esta actuación de 75.500,00 euros.

**TERCEIRO:** Solicitar, ao abeiro do Anexo II de dito Plan, a solicitude de subvención de 51.923,00 euros á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

**CUARTO:** Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Proxecto	Reforzo de rodadura en Camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)	
Importe total		75.500,00 €
Recursos externos (2024)		25.296,00 €
Fondos propios (2024)	1532.61900	50.204,00 €

**QUINTO:** Facultar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en relación con este procedemento.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2024.-** Dase conta da seguinte resolución da Alcaldía: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“*ASUNTO: Solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024.*”

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

**ANTECEDENTES:**

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, publica no DOG nº 13 de 18 de xaneiro de 2024, a orde do 22 decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024.



Visto que se reúnen os requisitos establecidos no artigo 2 da orde para ser beneficiario, e tendo e conta que o artigo 4.1 establece que "a contía máxima da subvención que se concederá con carácter xeral será de 28.000,00€ por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo por un período de 12 meses, tomando como referencia os custos de contratación totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social".

Co obxecto de solicitar a subvención referenciada, e tendo en conta o período de contratación (1 de febreiro de 2024 a 31 de xaneiro de 2025), o Servizo Sociocomunitario solicita ao Servizo de Organización e Recursos Personais do concello de Narón, o informe de custos do persoal técnico para realización de actividades de orientación laboral. En data 07/02/2024 o servizo referenciado elabora o informe de custos (PER1810B3).

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para solicitar as subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores deberán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde de 22 de decembro de 2023, publicada no DOG nº 13 de 18 de xaneiro de 2024.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a Alcaldía que resolva:

Primeiro. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar a subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024.

Segundo. Solicitar unha subvención por importe 28.000,00€, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024. O desglose do proxecto é o seguinte:

Table with 2 columns: Description and Amount. Rows include: Importe total do proxecto (49.806,97€), Subvención solicitada a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (28.000,00€), and Achega Municipal (21.806,97€).

Comparison table between ACHEGA MUNICIPAL and ACHEGA AUTONÓMICA for the period 01-02-2024 to 31-01-2025. Columns include contract codes, years (2024, 2025), and total amounts.

Terceiro. A Achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 2410/13000, 2410/13002, 2410/13003 e 2410/16000, tal como queda reflexado nos desgloses de financiamento anteriores.

Cuarto. O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

Quinto. O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

Sexto. Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Emprego e Igualdade no referente a esta solicitude de subvención.

Sétimo..Dar conta da Resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 09/02/2024, documento de intervención(ICO18I01M), do documento SSO18IOCL, do expediente EMP/9/2024 , esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**5 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRUAS E APARCAMENTO EN AV. DO MAR (POLIGONO ENSENADA DA GANDARA).**- Vista a proposta formulada que di así: A xefa de Organización, en data 19/02/2024, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I05V que di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/77/2024: Subvención para o acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. Do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da solicitude de subvención</i>

Con data 16/02/2024 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI18I05I que di:

“

Con data 14/02/2024 a xefa da Sección de Persoal elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I055 que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/77/2024: Subvención para o acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. Do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Solicitude de subvención</i>

No DOG nº 14, do 19 de xaneiro de 2024, publicouse a ORDE do 04 de xaneiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN519B).

Ao abeiro de dita orde resulta subvencionable a actuación proposta pola Concelleiro Delegado de Obras Públicas, que obra no expediente, relativa ao acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Polígono Ensenada da Gándara). A modo de resumo, ditas actuacións consisten na mellora da seguridade vial dos peóns coa reforma da beirarrúa e algúns dos servizos nela recollidos, así mesmo a mellora dos aparcamentos nun treito da Avda. do Mar.



O importe estimado das actuacións ascende aos 106.025,09 €. O acollemento á mencionada convocatoria, supón un importe máximo de subvención de 84.820,07 € (80,00 % do total), o que supón unha achega mínima municipal de 21.205,02 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024 (neste momento estase a traballar co presuposto 2023 prorrogado). Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, esta funcionaria elaborou o plan de financiamento adxunto de código AS1181054.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde ao Alcalde-Presidente a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria dese órgano sen que expire o prazo de solicitude indicado na Orde, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO:** Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude da subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

**SEGUNDO:** Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional (que aquí se amosa resumido) para a subvención para o “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)”, de acordo co establecido no informe adxunto de código AS1181054 e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)
Importe total	106.025,09 €
Importe solicitado	84.820,07 €
Achega municipal	21.205,02 €
Aplicación orzamentaria	1532 61900 (Pavimentación Vías Públicas – Outros investimentos en reposición de infraestruturas)

No momento de aceptar, no seu caso, a subvención, procederá a tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito para facer fronte á achega municipal.

**TERCEIRO:** Solicitar da Consellería de Economía, Industria e Innovación a subvención para o “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. Do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)”, por importe de 84.820,07 €.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o devandito proxecto.

**CUARTO:** Manifestar expresamente, de acordo co establecido no artigo 6, apartado 2.II, de acometer a actuación obxecto da solicitude de axuda.

**QUINTO:** Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO18I01P), esta Alcaldesa

**RESOLVE:**

Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO18I01R, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**6 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE GÁNDARA E SABÍN, NA CONFLUENCIA COA ESTRADA AC112, NA PARROQUIA DE SEDES.**- Vista a proposta formulada que di así:

A xefa de Organización, en data 19/02/2024, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I05U que di:

“

<b>TIPO DE DOCUMENTO</b>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<b>EXPEDIENTE</b>	<i>ASI/79/2024: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética no alumeado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes.</i>
<b>DESTINATARIO</b>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<b>ASUNTO</b>	<i>Solicitude de subvención</i>

O pasado 24 de xaneiro de 2024 publicouse no DOG a ORDE do 28 de decembro de 2023, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Ao abeiro de dita orde, a Alcaldesa deste Concello, consultado o Concelleiro Delegado de Servizos, subscribiu a memoria explicativa para a “Mellora da eficiencia enerxética no alumeado público dos



lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes”, que comprende a adquisición dos diferentes equipos de tecnoloxía LED por importe total de 7.400,55 €.

O acollemento á mencionada convocatoria, en liña non competitiva, supón unha porcentaxe de cofinanciación do 100,00%, ao non acadar o orzamento o máximo asignado para este Concello nesa liña (7.401,60 €).

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Resolución da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidentencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024 (neste momento estase a traballar co presuposto 2023 prorrogado). Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI18I05T. Logo da publicación da concesión definitiva da subvención, procederá a xeración do importe concedido na aplicación orzamentaria sinalada en dito plan.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional (que aquí se amosa resumido) para a subvención para a “Mellora da eficiencia enerxética no alumado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes”, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI18I05T e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Mellora da eficiencia enerxética no alumado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes
Importe total	7.400,55 €
Importe solicitado	7.400,55 €
Achega municipal	-

**SEGUNDO:** Solicitar da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, por valor de 7.400,55 €, para a “Mellora da eficiencia enerxética no alumado público dos lugares de Gándara e Sabín, na confluencia coa estrada AC112, na parroquia de Sedes”.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o devandito proxecto.

**TERCEIRO:** Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO18I01S, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE FEBREIRO DE 2024.-**

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de febreiro de 2024, cun total de 229 contribuintes e por importe de 5.858,53€.

**Segundo:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **8 .- PROPOSTA SOBRE ANULACIÓN DUNHA LIQUIDACIÓN INCLUIDA NO PADRÓN DO 4º TRIMESTRE DA TAXA POLA RECOLLIDA DE REFUGALLOS E PPPNT POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-**

(...)

**PRIMEIRO:** Anular a liquidación tributaria practicada, incluída no padrón de contribuintes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2023, correspondente ao contrato número: 11502-1/1-029484, titular do contrato: Ricardo Tenreiro Maestre, na R/ Foro, 9, 1, C, cos seguintes importes:

	Saneamento	Saneamento	Depuración	Lixo	Aluguer	Canon	IVE	TOTAL
Auga	Baixa	Alta	Alta		contador	Auga		



15,72	9,28	6,49	7,32	27,66	1,89	1,53	4,28	74,17
-------	------	------	------	-------	------	------	------	-------

SEGUNDO: Comunicar a COSMA que deberá emitir unha nova liquidación da taxa de recollida de lixo e PPPNT polos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, correspondente ao 4º trimestre do ano 2023, de acordo co establecido nas ordenanzas 10 e 38 do Concello de Narón, cos seguintes importes:

Auga	1,63 €
Cota fixa auga	14,09 €
Bnificación auga	1,22 €
Bonif. Cota fixa de auga	10,57 €
Saneamento variable baixa	1,01 €
Bonif. Snto. Variable Baixa	0,76 €
Cota fixa Snto. Baixa	8,27 €
Bonif. Cota fixa Snto. Baixa	6,20 €
Aluguer contador	1,89 €
Bonif. Aluguer contador	1,42 €
Depuración variable alta	1,95 €
Cota fixa Dep. Alta	5,37 €
Bonif. Dep. Variable alta	1,46 €
Bonif. Cota fixa Dep. Alta	4,03 €
Snto. Variable alta	0,73 €
Bonif. Snto, Variable alta	0,55 €
Cota fixa Snto alta	5,76 €
Bonif- cota fixa Snto. Alta	4,32 €
Lixo	27,66 €
Bonif Lixo	20,75 €
<b>TOTAL FTRA.</b>	<b>22,89 €</b>

TERCEIRO: Notificar o presente acordo a D<sup>a</sup>. Alicia Ramil Avendaño indicándolle que, contra el, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter preceptivo recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 14.2 do real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

CUARTO: Dar traslado do acordo adoptado a COSMA para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4